

A NOITE DOS MORTOS VIVINTES

1024

George A. Romero, 1968

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2022 | V.O.S.E. | +12

Un heteroxéneo grupo de individuos refúxíase nunha casa abandonada cando os cadáveres comezan a saír do cemiterio na procura de corpos humanos frescos para devorar. O pragmático Ben fai todo o posible por controlar a situación, pero cando os corpos reanimados rodean a casa, o resto de superviventes comezan a entrar en pánico. A medida que a organización dentro do grupo comeza a desaparecer, os zombis atopan formas de entrar e, un por un, os superviventes convértense en presa dos mortos.

«A súa crítica política segue a ser igual de aguda vista hoxe en día»

Amos Barshad, NEW YORK MAGAZINE



Un clásico do cinema de terror máis vivo que nunca

Por Aglaia Berlutti

Nada foi igual despois de que George A. Romero ceibase mandas de zombies nas terras agrícolas de Pensilvania con toda a intención de levar unha mensaxe política que aínda hoxe resulta fresca. *A noite dos mortos viventes* é unha obra fundacional que se sustenta na súa capacidade para brindar á calidade do monstro un significado político. O director inspirouse na tensión racial e política da América dos sesenta para reflexionar sobre os verdadeiros horrores que padecía o país.

O golpe de efecto combinaba unha historia de terror e humor negro cunha versión subvertida da realidade na que os zombies eran o símbolo dos temores colectivos dun país confrontado as súas propias feridas históricas. Para Romero, o horror era algo máis que castelos góticos e fantasmas de aspecto fráxil: co seu aire rupturista, o filme debateu ideas contemporáneas a través dun argumento poderoso e logrou levar aos filmes do xénero un novo debate sobre discurso e forma.

Romero era un gran amante das películas de terror. Tanto, como para que as primeiras escenas da súa película fosen unha mirada clásica á morte: o cemiterio que a cámara mostra nun lento percorrido de pulso firme é moi parecido a calquera dos que podían atoparse nunha película de Vincent Prince, e é unha clara homenaxe ao Universal Horror que por case tres décadas definiu os fundamentos do cinema de terror ata crear un estilo inconfundible.

Porén, *A noite dos mortos viventes* afástase axiña dos clásicos do xénero como *Frankenstein* (James Whale, 1931) e *Drácula* (Tod Browning, 1931) ao mostrar as fendas e establecer un diálogo directo entre a versión da realidade das películas de terror e a crítica social que dunha ou outra forma era de enorme importancia para o director. *A Noite dos Mortos Viventes* racha tamén coas conveccións do elegante xénero de terror da época coma *Psicose* (1960) de Hitchcock ou *Repulsión* (1965) de Polanski. As escenas conservan un aire a medio camiño entre o cotián destruído polo inexplicable e a sensación claustrofóbica cando os zombies cercan uns poucos personaxes que deben sobrevivir ao seu asedio.

Trátase dun exemplo impecable de survival terror que ten evidentes paralelismos con *On the Beach* (1959) de Stanley Kramer e a película para televisión da BBC *Underground* (1958), da serie de antoloxías de terror Armchair Theatre, que mostrou un novo rostro sobre a invasión dos espazos domésticos ou o monstro convertido en ameaza colectiva. Da mesma maneira que na *Noite dos Mortos Viventes*, hai unha énfase considerable na batalla por sobrevivir—mesmo á conta da vida doutros—e unha sutil crítica social que inclúe antagonismos racionais entre os escasos homes e mulleres que logran sobrevivir a catástrofe central.

Doutra volta, a película de Romero abriu as portas ao cinema de terror que na actualidade é parte de toda unha nova onda encabezada por Jordan Peele e Ari Aster, na que o medo é parte dunha fractura da realidade. Que ademais é un espazo claro para analizar outro tipo de batallas morais e intelectuais. A natureza da ameaza zombie de Romero é evidente e tamén unha batalla contra a sociedade, a forma en que a comprendemos e ao final, a identidade do ser humano común. Coa súa evidente alegoría do zombie carnívoro como a sociedade implacable que devora os seus membros para manterse en pé á conta de calquera prezo, *A Noite dos Mortos Viventes* é unha xoia do xénero que demostra a evolución do cinema de terror cara a rexións inexploradas que aínda resultan sorprendentes.